



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Técnicas de Negociación Colectiva

Materia	Técnicas de Negociación Colectiva			
Código	V08M104V01216			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da Escola de Negocios Caixanova (Vigo) Dereito público especial Dpto. Externo			
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, Jaime			
Profesorado	Airas Cotovad, Xurxo Anxo Briales de Porcioles, Alfredo Cabeza Pereiro, Jaime Martínez Fernández, Rafael			
Correo-e	jcabeza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	No marco da materia "Técnicas de negociación colectiva" analizaranse, dende unha perspectiva dinámica, os aspectos fundamentais do proceso de negociación de convenios -apertura de negociacións, xestión de estancamentos, sinatura e vixencia-, así como da norma convencional mesma, con especial atención aos seus contidos habituais -materia salarial, tempo de traballo, clasificación profesional, seguridade e saúde...-.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
A2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
A4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
A5	Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.
A6	Planificar e organizar a prevención dos riscos laborais nas empresas.
A7	Seleccionar e confeccionar os contratos de traballo adecuados a cada situación laboral.
A8	Coñecer os dereitos e obrigas dos traballadores e das distintas fmas de extinción do contrato de traballo.
A9	Asesorar ás PYMES no campo sociolaboral.
A10	Xestionar os procesos de negociación entre as partes da relación laboral co fin de acadar consensos e acordos.
A11	Coñecer as medidas de solución de conflitos ó alcance de traballadores e empresarios e resolver cales resultan adecuadas en diferentes situacións.
B1	Poseer e comprender coñecementos que aporten unha oportunidade de ser orixinais no desenrolo e/ou aplicación de ideas, a menudo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes sepan comunicar as súas conclusións (e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan) a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.
B5	Que os estudantes posean as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

**Competencias de materia**

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Ser quen de asesorar na negociación dos convenios colectivos	saber facer	A2 A4 A5 A9 A10 A11 B2 B3
Ser quen de negociar no ámbito de situacións máis ou menos conflitivas.	Saber estar / ser	A4 A10 B2 B3
Estar en condicións de propor as cláusulas máis acaídas para cada unha das dúas partes da negociación colectiva	Saber estar / ser	A2 A4 A10 A11 B1 B2 B3
Entender e interpretar con solvencia os contidos do convenio colectivo.	Saber estar / ser	A1 A2 A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5

**Contidos**

## Tema

Tema I.- Cuestións preliminares.	1. Posicións previas á apertura das negociacións. 2. Que lle pode interesar da negociación a cada unha das partes? 3. Por que se negocia nun ámbito determinado? 4. Que interese teñen as formalidades negociais?: actas, presidencia da mesa, presenza de asesores...5 Que cuestións poden abordarse primeiramente? 6. Cuestións temporais: como proxectar no tempo unha negociación?
Tema II.- A xestión dos estancamentos.	1. Conflitos negociais de bloqueo. 2. Conflito e folga. 3. Reunións de desbloqueo. 4. O papel dos mecanismos privados de composición de conflitos. 5. Efectos do bloqueo no contido do anterior convenio: estratexias. 6. O apoio das institucións públicas: Inspección de Traballo e Autoridade Laboral.
Tema III.- A sinatura e a vixencia do convenio.	1. Acordo, asemblea de referendo, derradeiras discrepancias. 2. Os trámites do convenio colectivo nos seus aspectos prácticos: da sinatura á publicación. 3. A conformación da comisión paritaria, as súas funcións e o seu funcionamento. 4. Dinámica da aplicación do convenio colectivo: conflictividade e consellos prácticos.
Tema IV.- Os contidos do convenio colectivo (I)	1. Materia salarial: regulación dos incrementos retributivos e dos conceptos salariais e extraxalariais. Técnica regulatoria. 2. Materia de tempo de traballo: cláusulas de xornada, de horario, de vacacións, permisos...Flexibilidade e rixidez da xornada. 3. A clasificación profesional: criterios para a súa negociación.
Tema V.- Os contidos do convenio colectivo (II)	1. Materia de seguridade e saúde no traballo. 2. Materia disciplinaria. 3. Materia de mobilidade e promoción profesional. 4. Materia sindical. 5. Materia de formación profesional. 6. Submisión a sistemas extraxudiciais e comisión paritaria. 6 Cláusulas de vixencia, denuncia e ámbito.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	15	19	34
Estudo de casos/análises de situacións	4	16	20
Probas de tipo test	1	20	21

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos principais da materia obxecto de estudo, con orientación das fontes de aprendizaxe e prantexamento das cuestións máis conflitivas existentes.
Estudo de casos/análises de situacións	Prantexamento e resolución de casos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. A tal fin, o docente proporá a resolución de supostos de feito ou o comentario de sentenzas, para a súa posterior discusión en clase.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Entrevistas, conversas e clarexamento de dúbidas. Asesoramento xeral para o estudo e a aprendizaxe.
Estudo de casos/análises de situacións	Entrevistas, conversas e clarexamento de dúbidas. Asesoramento xeral para o estudo e a aprendizaxe.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia a clase e a participación activa dos estudantes: dúbidas, opinións e comentarios.	25
Estudo de casos/análises de situacións	Realizaranse dúas prácticas en relación cos contidos teórico-prácticos da materia. A cualificación de cada un deles será do 25 por 100 da nota total.	25
Probas de tipo test	Realizarase unha proba tipo test en relación cos contidos teórico-prácticos da materia. A cualificación será do 25 por 100 da nota total	50

### Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA 1ª - Maio-xuño 2014 (Sistema de avaliación continua/Sistema de avaliación final)

a) Avaliación continua. Para someterse ao sistema de avaliación continua, o alumnado deberá acreditar a asistencia a un 80 % das sesións presenciais. En caso contrario, deberá someterse ao sistema de avaliación final.

b) Avaliación final. Aqueles/as alumnos/as que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

CONVOCATORIA 2ª- Xullo 2014

Se o alumno non superase a materia na convocatoria de febreiro, as notas obtidas na avaliación continua conservaríanse para a convocatoria de xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non se conservarían, debendo pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

### Bibliografía. Fontes de información

DOMENECH DE ASPE, C. e outros, **Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia 2011**, CGRL,  
CGRL, **Situación da negociación colectiva en Galicia 2011**, CGRL,  
CES, **Economía, traballo y sociedade. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral. España 2011**, CES,

### Recomendacións